

MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA SEGURA E FOMENTO DA PARTICIPACIÓN INFANTIL NO ÁMBITO DO ACOLLEMENTO RESIDENCIAL

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG) para contribuír ao financiamento durante 2024 por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención pública, do programa de promoción da convivencia segura e fomento da participación infantil no ámbito do acollemento residencial.

O obxectivo xeral deste programa é promover a convivencia segura e o fomento da participación infantil no ámbito do acollemento residencial, garantindo os dereitos das persoas menores e o seu benestar emocional, social e educativo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinante en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



O obxectivo xeral e a súa finalidade é contribuír á mellora e á convivencia segura e o fomento da participación infantil no ámbito do acollemento residencial, garantindo os dereitos das persoas menores e o seu benestar emocional, social e educativo.

A entidade Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia, que figura inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia co número 2018/022401-1, é unha asociación de persoas xurídicas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, autónoma das súas entidades asociadas, e con plena capacidade de obrar, que actúa no territorio galego, sen prexuízo de realizar actuacións estatais e internacionais a favor do bo trato á infancia e á adolescencia en Galicia. Está enmarcada no marco xeral de acción da Plataforma da Infancia Estatal, nada no ano 1997, coa misión de axuntar esforzos entre as entidades sociais para protexer, promover e defender os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas.

O obxectivo xeral da Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia é a protección e promoción dos dereitos da infancia recollidos na Convención sobre os dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989.

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia pretende ser a voz en espazos participativos das organizacións que traballan polos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, de modo que esta unidade facilite a participación, decisións e realización de acordos ou accións relacionadas co benestar da infancia.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

A Consellería de Política Social e Igualdade aboará a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia para a realización de actuacións obxecto do programa subvencionado, 888.736,28 €, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, partida orzamentaria 38.02.312B.481.0, proxecto de gasto 2016 00174.

Complexo Administrativo San Caetano S/N. Edificio 8A
15781 Santiago de Compostela
Tlfn. 981 544 655
dxfamilia.politicassocial@xunta.gal
www.xunta.gal



O número de prazas de atención a nenos, nenas e adolescentes é de 188 nos centros vinculados a este convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

